

BAILE USTÉ BEN, BAILADOR

1

Baile *usté* ben, bailador,
baile *usté* ben, bailador;
unha volta polo aire
e outra polo arredor.

2

O mozo que anda no baile
ten un bailar peneireiro
dálle ás pernas, dálle ás pernas
pra que lle ruxa o diñeiro.

3

Que ben baila, que ben baila,
o da chaqueta redonda;
moito mellor bailaríase
se a tivera máis longa.

4

Baila, queridiño, baila,
baila que podes bailar,
que bailas coa mellor moza
que hai aquí neste lugar.

♩ = 108



Bai - le *us - té* ben, bai - la - do - re,



bai - le *us - té* ben, bai - la - do - re,



u - nha vol - ta po - lo ai - re



e ou - tra po - lo a - rre - do - re.